

A mobilización do rural contra os parques eólicos chega aos escenarios con NOSO, o nova peza de Os Náufragos Teatro

- **A compañía coruñesa estrea o 16 de febreiro no Teatro Rosalía de Castro unha dramedia familiar que aborda as consecuencias ambientais e patrimoniais da industria eólica**
- **A peza dirixida por Gustavo del Río tamén pon en valor os ultramarinos bar como espazos de cohesión comunitaria**

A Coruña, 16 de febreiro de 2024. O Teatro Rosalía de Castro da Coruña acollerá o vindeiro venres, 16 de febreiro, a estrea de NOSO, a nova peza teatral da compañía coruñesa Os Náufragos Teatro. Unha obra ambientada nas mobilizacións do rural contra os parques eólicos que viaxa ao corazón dunha familia que explora as relacións entre irmáns, os conflitos interxeracionais e a necesidade de reconciliación co pasado e o futuro.

A historia de NOSO desenvólvese nun vello ultramarinos-bar que foi punto de encontro habitual da veciñanza dunha pequena aldea galega. Hoxe, ese lugar vese afectado ambiental e patrimonialmente polo imparable avance dun parque eólico e, baixo a sombra desta ameaza, a peza mergúllase nunha historia familiar que examina as consecuencias que tomamos nas xeracións futuras. NOSO é unha dramedia familiar que contrapón a irrealidade das lembranzas do pasado cos conflitos do presente e co peso permanente dos lazos familiares.

Dirixida por Gustavo del Río e producida por Os Náufragos Teatro en colaboración coa AGADIC, esta nova produción busca afondar nas relacións entre distintas xeracións a través da exploración de temas universais como a familia, o sentido de pertenza ao territorio e a capacidade de adaptación ao cambio.

A peza tamén pon en valor os ultramarinos-bar, establecementos en proceso de desaparición que noutrora tiveron unha enorme importancia na vida cotiá das vilas e aldeas galegas como espazos de socialización fundamentais para a cohesión comunitaria.

O emblemático teatro Rosalía de Castro da Coruña acollerá a estrea absoluta desta peza, que se exhibirá ao público o venres 16 e o sábado 17 de febreiro, ás 20:30 horas. As entradas xa están dispoñibles para a venda na billeteira online do Teatr. A xira de NOSO seguirá no Teatro Principal de Santiago de Compostela o [23 de febreiro](#), na Sala Ártika de Vigo os días 22, 23 e 24 de marzo, e no Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo o [18 de abril](#).

Sobre Os Náufragos Teatro

Os Náufragos Teatro é unha compañía teatral galega, afincada na Coruña, cun amplo percorrido ás súas costas por escenarios de toda a xeografía galega, así como no exterior.



Fortemente comprometida cun teatro de corte social, a compañía vén dando visibilidade nas súas producións, desde hai décadas, ás realidades dos colectivos máis vulnerables ou nas marxes, abordando temáticas como a discriminación por razón de identidade sexual, diversidade funcional, acoso escolar ou a violencia intrafamiliar.

A compañía aposta polo talento creativo galego e, pese a tratar temas tan sensibles nas súas obras, tódalas súas pezas teñen unha clara vocación de proximidade co público, obtendo recoñecementos como o Premio María Casares 2022 a mellor espectáculo infantil (por HUGO).

Unha produción de:



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAI

Co apoio de:



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Distribúe:

